

# RESOLUCIÓN SOBRE A CONCESIÓN DE PRÓRROGAS INDIVIDUAIS A EXPEDIENTES CORRESPONDENTES Á SUBMEDIDA 19.2 DA MEDIDA 19 (LEADER) DO PDR DE GALICIA 2014-2020 ANUALIDADE 2021

## I.- Antecedentes

Ao longo das anualidades 2020 e 2021, a persoa titular da Dirección Xeral da Agader emitiu resolucións de concesión de axuda referidas ás convocatorias de proxectos LEADER (submedida 19.2) correspondente ás anualidades 2020-21 e 2021-22.

Mediante as resolucións do 24 de setembro e de 30 de novembro de 2021, da directora xeral da Agader, modifícanse as datas finais do calendario de xestión previsto no artigo 34.1 das bases reguladoras Leader, en relación coas Resolucións de concesión de axuda correspondentes ás submedidas 19.2 e 19.4B do PDR de Galicia 2014-2020.

En relación ás solicitudes de prórroga recibidas en Agader para exceder o límite máximo previsto do 30 de decembro de 2021 para a execución e xustificación dos investimentos, cómpre sinalar que a identificación destas solicitudes de ampliación de prazos, recóllense no anexo I desta resolución. No citado anexo consta o número de expediente, título, promotor, data final concedida para a execución e xustificación dos gastos correspondentes á anualidade 2021, así como a motivación alegada polo promotor para a solicitude de ampliación de prazo.

## II.- Fundamentos legais e técnicos

No PDR de Galicia 2014-2020 prevese que a Agader xestione a medida 19 (Leader) e, dentro dela, as submedidas 19. 2 (apoio á implementación de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR), 19.3 (cooperación LEADER) e 19.4B (animación e promoción territorial).



Neste senso, a Agader materializou a xestión das submedidas citadas no parágrafo anterior a través dos seguintes instrumentos:

Acordo do 13 de decembro de 2019, publicado mediante a Resolución do 13 de decembro de 2019, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR) (código de procedemento MR701D) e DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2019.

Resolución do 18 de decembro de 2019 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2020 e 2021, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural ( DOG núm. 247, do 30 de decembro de 2019 ).

Resolución do 26 de abril de 2021 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2021 e 2022, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (DOG núm. 82, do 3 de maio de 2021).

O artigo 34.1 c) e d) destas bases reguladoras (Réxime de Axudas da media Leader do PDR de Galicia 2014-2020) veñen a establecer, no ámbito do calendario de xestión da medida, que a data final, tanto de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables polos promotores aos seus provedores, como de xustificación de investimentos e o 15 de outubro de cada ano.

Non obstante, o punto 2 do citado artigo 34 establece a posibilidade de que "a persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en previsión dunha ordenada xestión, execución e peche da medida Leader do PDR, poida variar as datas sinaladas, así como fixar outras para axeitar o ritmo de execución de proxectos á proximidade das datas límites sinaladas".

Esta resolución non prexudica a terceiros e non é restritiva nin de dereitos individuais nin colectivos, polo que a súa aplicación de xeito retroactivo ás resolucións de concesión de axuda que xa foran emitidas e notificadas aos interesados antes da data da emisión da presente resolución, non presenta inconveniente.

Tendo en conta:

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Lاراño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agaderxunta.gal



- Que a pandemia de covid-19 e as conseguíntes restricións derivadas da crise sanitaria e da declaración do estado de alarma afectaron de xeito moi negativo ao ritmo das verificacións dos informes control de elixibilidade (ICES) por parte da Subdirección de Relacións cos GDR e á data na que foi posible emitir as resolucións de concesión de axuda e sobre todo ao ritmo de execución dun gran número de proxectos, e coa finalidade de facilitar unha execución o máis eficiente posible da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020,
- Que á data de hoxe aínda non finalizou o prazo de execución e xustificación de ningún dos proxectos que no citado anexo I se sinalan, as alegacións dos promotores xustifican a concesión das prórrogas que solicitan, estas non exceden da metade do prazo inicial de execución de xustificación e con elas non se prexudican dereitos de terceiros. Polo tanto, cúmprense as condicións do artigo 32 da citada Lei 39/2015 para a prórroga de que se trata.

En consecuencia,

**PROPOÑO**, en relación ás resolucións de concesión de axuda emitidas durante as anualidades 2020 e 2021, correspondentes aos proxectos sinalados no anexo I desta resolución e que se tramitan no marco da submedida 19. 2 (apoio á implementación de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR), do citado PDR:

1. Modificar as datas finais, tanto de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables polos promotores aos seus provedores, como de xustificación de investimentos; de xeito que as citadas datas finais, tanto de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables polos promotores aos seus provedores como de xustificación de investimentos sexan as que se indican para cada expediente no citado anexo I.

A modificación das datas finais indicadas nos parágrafos anteriores suporá á súa vez a modificación das resolucións individuais emitidas, durante as anualidades 2020 e 2021, no ámbito da submedida 19.2 (apoio á implementación de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR) do PDR de Galicia 2014-2020 no que respecta ao prazo máximo de execución e xustificación dos gastos correspondentes á anualidade 2021.

2. Notificar esta resolución aos interesados e aos GDR inmediatamente e darlle publicidade no taboleiro e na páxina web de Agader.



## ANEXO I

<b>Nº expediente</b>	<b>Promotor/a</b>	<b>Prazo concedido</b>	<b>MOTIVACIÓN</b>	<b>Convocatoria</b>	<b>Presuposto 2021</b>
L20 1920 02 0132	Sande Bouza, S.L.	30/05/2022	Desabastecemento de material e problemas cos subministros derivados da pandemia de COVID	20-21	82.383,15
L19 1920 03 0152	Diana María Forero Morantes	01/06/2022	Desabastecemento de material e problemas cos subministros derivados da pandemia de COVID	20-21	10.967,22



L20 1920 06 0206	Concello de O Saviñao	01/03/2022	Desabastecemento de material e problemas cos subministros derivados da pandemia de COVID	20-21	16.125,00
L20 1920 08 0124	ALCOBAS DEL SIL ECOTURISM O S.L.	20/02/2022	Desabastecemento de material e problemas cos subministros derivados da pandemia de COVID	20-21	117.428,50
L20 1920 09 0133	Franco Basalo, S.L	21/02/2022	Desabastecemento de material e problemas cos subministros derivados da pandemia de COVID	20-21	91.760,57



L20 1920 20 0125	Ana Mouriño Méndez	31/03/2022	Desabastecemento de material e problemas cos subministros derivados da pandemia de COVID	20-21	14.119,93
L20 1920 21 0078	Concello de Tordoia	01/06/2022	Atraso na tramitación da licitación	20-21	35.000,00
L20 1920 21 0080	Kokomo Tricot. S.L	30/04/2022	Desabastecemento de material e problemas cos subministros derivados da pandemia de COVID	20-21	32.613,50
L20 1920 22 0118	Savelo, S.L.	30/04/2022	Desabastecemento de material e problemas cos subministros derivados da pandemia de COVID	20-21	63.927,10



L20 1920 06 0201	Concello de Ribas do Sil	20/01/2022	Desabastecemento de material e problemas cos subministros derivados da pandemia de COVID	20-21	35.704,28
L20 1920 10 0228	Concello de Sarreaus	15/02/2022	Atrasos na tramitación de documentación para a acreditación da titularidade dos bens obxecto do investimento	20-21	11.520,00
L19 1920 18 0082	Grupo Fernández y Collazo	31/07/2022	Desabastecemento de material e problemas cos subministros derivados da pandemia de COVID	20-21	12.326,91



L20 1920 14 0142	CMVMCV de San Xoán de Tabagón	30/03/2022	Desabastecemento de material e problemas cos subministros derivados da pandemia de COVID	20-21	23.560,78
L21 1920 24 0167	Concello de Cariño	31/01/2022	Desabastecemento de material e problemas cos subministros derivados da pandemia de COVID	21-22	10.918,93
L20 1920 07 0103	Albergue Montañas de Trevinca S.L	30/03/2022	Desabastecemento de material e problemas cos subministros derivados da pandemia de COVID	20-21	52.072,50
L21 1920 07 0235	Hestia Inversiones 2020 S.L	30/03/2022	Desabastecemento de material e problemas cos subministros derivados da pandemia de COVID	21-22	11.486,32





Santiago de Compostela,

O subdirector de Relacións cos GDRs

Por suplencia (Resolución do 29/10/2020)

O subdirector de Mobilidade de Terras

Asdo.: Alejandro Sánchez de Dios

(sinatura electrónica)

Tendo en conta o exposto, **RESOLVO aprobar a proposta do subdirector** de Relacións cos GDRs nos seus propios termos

Santiago de Compostela

O Consello de Dirección de Agader

(P.D: Acordo do 13/12/2019)

A directora xeral da Agader

(asinado electronicamente)

Inés Santé Riveira

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agaderxunta.gal

